

CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

“BASES DO CONCURSO DE DISFRACES INFANTIL E ADULTOS ENTROIDO 2025 NO CONCELLO DE BARRO”.

Establécense as seguintes bases para o Concurso de disfraces que se celebrará o día 9 de marzo de 2025 no Pavillón Municipal do Concello de Barro.

-Horarios: De 17:00 h. a 19:00 baile e animación infantil
A partir das 19:00 h inicio do concurso infantil e adultos.

1º MODALIDADES, CATEGORÍAS E PREMIOS

Establécense os seguintes premios, con cargo á partida orzamentaria da Concellería de Cultura do Concello de Barro, coas seguintes **modalidades e categorías:**

<u>CONCURSO INFANTIL</u>	<u>CONCURSO ADULTOS</u>
INDIVIDUAL 1º PREMIO INDIVIDUAL: 50€ 2º PREMIO INDIVIDUAL: 30€ 3º PREMIO INDIVIDUAL: 20€	INDIVIDUAL 1º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 100 € 2º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 60€ 3º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 40 €
PARELLAS 1º PREMIO PARELLAS: 70€ 2º PREMIO PARELLAS: 40€ 3º PREMIO PARELLAS: 30€	PARELLAS 1º PREMIO PARELLAS ADULTOS: 150€ 2º PREMIO PARELLAS ADULTOS: 80€ 3º PREMIO PARELLAS ADULTOS: 50€
GRUPOS 1º PREMIO GRUPO: 100€ 2º PREMIO GRUPO: 70€ 3º PREMIO GRUPO: 50€	GRUPO 1º PREMIO GRUPO ADULTOS: 300 € 2º PREMIO GRUPO ADULTOS: 150€ 3º PREMIO GRUPO ADULTOS: 70€

2º INSCRIPCIÓN:

A inscrición realizarse **previamente na OMIX do Concello de Barro**. Os participantes tamén poderán informarse a través dos teléfonos 986714806 ou 690722812, tendo que facer a inscrición de xeito persoal no lugar antes indicado e tamén poderán facela **no Pavillón Municipal de 17:00 a 18:30h. traendo cubertas a solicitude de participación ANEXO I e o Anexo II (parellas e grupos)**.

No momento da inscrición deberase indicar o número de compoñentes e o lema ou nome do disfraz para a súa identificación.

Para participar a **persoa responsable** (grupo, parella ou individual), asumirá todas as obrigas que derivan das bases aplicables á obtención dos premios, incluídas as de índole fiscal. Ditas persoas previamente á participación asinarán declaración responsable ao respecto. Unha vez recibido o premio presentarán documentación acreditativa da personalidade, cumprimento de requisitos para ser beneficiario dos premios, así como certificado de conta bancaria na que efectuar o ingreso.

O lugar e horario de inscrición e recollida da documentación será na OMIX de Barro de luns, mércores e venres de 9:00 a 14:00, martes e xoves de 16:00 a 21:00.



CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

Considérase modalidade infantil aos **participantes menores de 14 anos (14 incluído)**. Os menores de idade que participen no desfile **inscribiraos un adulto**; dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.

En caso de **grupos** con membros que coincidan en modalidade infantil e adulto, serán incluídos na modalidade **que sume máis membros**.

En caso de **parellas** con membros que coincidan na modalidade infantil e adulto, serán incluídos na **modalidade de adultos**.

3º DESEÑO E MOTIVO:

Serán de libre elección. O xurado valorará a orixinalidade do disfrace e a complexidade na súa confección, así como a animación por parte dos grupos durante a celebración do baile e o desfile.

Os participantes levarán un dorsal que corresponderá ao nome do disfrace inscrito.

Non poderán participar grupos ou persoas con carteis ou disfraces que conteñan alusións de carácter ofensivo contra outras persoas.

4º PARTICIPANTES:

Os participantes permanecerán no Pavillón Municipal ata o remate do concurso distinguíndose dúas modalidades segundo a idade.

-Idades concurso infantil: rapaces e rapazas de 0 a 14 anos.

-Idades concurso adultos: mozos/as a partir de 15 anos e adultos.

5. PREMIOS:

.Pequeno agasallo para todos os/as participantes na modalidade infantil.

.Premios para os 3 mellores disfraces (individual, parella e grupo).

Entrega de VALES de premios: O domingo 9 de marzo ás 21:00 h. Os premiados entregarán, no momento de recibir o premio ou posteriormente na **OMIX de Barro (ata o día 15 de marzo)**, a seguinte documentación:

- **Individual:** fotocopia DNI representante (pai, nai, titor/a) e Nº de conta.
- **Parella ou grupo:** fotocopia DNI representante do grupo ou parella (pai, nai, titor/a) e Nº de conta.

Listado de premios:

INFANTIL

1º PREMIO INDIVIDUAL: 50€

2º PREMIO INDIVIDUAL: 30€

3º PREMIO INDIVIDUAL: 20€

1º PREMIO PARELLAS: 70€

2º PREMIO PARELLAS: 40€

3º PREMIO PARELLAS: 30€



CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

- 1º PREMIO GRUPO: 100€
- 2º PREMIO GRUPO: 70€
- 3º PREMIO GRUPO: 50€

ADULTOS

- 1º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 100 €
- 2º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 60€
- 3º PREMIO INDIVIDUAL ADULTOS: 40 €

- 1º PREMIO PARELLAS ADULTOS: 150€
- 2º PREMIO PARELLAS ADULTOS: 80€
- 3º PREMIO PARELLAS ADULTOS: 50€

- 1º PREMIO GRUPO ADULTOS: 300 €
- 2º PREMIO GRUPO ADULTOS: 150€
- 3º PREMIO GRUPO ADULTOS: 70€

6. XURADO

O fallo do concurso o realizará un xurado convidado polo Concellerío de Cultura do Concello de Barro e estará formado por **persoas representativas da vida cultural do concello**.

O xurado estará formado por:

Presidente: D. Adrián Silva Magdalena, Concelleiro de Cultura, Xuventude, Promoción Económica e Emprego

Vogais:

- Dña. María Milagros Rubianes Leiro, como veciña relacionada coa vida cultural de Barro.
- D. Jose Francisco Rodriguez Souto, en representación da Asociación Peñaflor.
- Dña. Lorena Seijo Pardo, como veciña relacionada coa vida cultural de Barro.

Secretaria: Dña. María del Pilar Álvarez García, Informadora Xuvenil do Concello de Barro

O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos, a orixinalidade, o uso de elementos reciclados, a creatividade, a posta en escena, a animación, etc.

A entrega dos VALES premiados realizarase ao final do concurso. A persoa responsable (inscrita como representante da parella, do grupo ou do disfraz individual), aportará o DNI e nº de conta. **O nome do responsable do premiado/a, deberá coincidir cos datos dun dos titulares da conta bancaria.**

Para o cobro dos premios da **categoría infantil**, os premiados terán que aportar os **datos un adulto** como representante.

Se se trata dun **grupo** deberán indicalo na inscrición, aportando o **número de conta bancaria do responsable do grupo** para realizar o ingreso.



CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

7. OUTRAS CONSIDERACIÓNS:

O Concello resérvase o dereito de captación e difusión de imaxes durante o concurso de disfraces en tódalas súas categorías e para fins de publicidade e promoción.

A participación no concurso implica a aceptación plena das seguintes bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

As presentes bases estarán publicadas no taboleiro de anuncios e nas redes sociais do Concello, e farase referencia ás mesmas nos carteis e nos medios de comunicación habituais.

O prazo de inscrición comeza o día seguinte á publicación destas bases.

8. DATOS PERSOAIS

Deber de Informar aos Interesados sobre a Protección de Datos

Información básica sobre a protección de datos

- Responsable: Concello de Barro
- Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
- Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta entidade.
- Destinatarios: Os datos poderán ser cedidos, se é o caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
- Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, segundo se explica na información adicional.
- Información adicional: Pode consultar a información detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón:
<https://barro.sedelectronica.gal/privacy>

DILIXENCIA.- Para facer constar que as presentes bases foron aprobadas por Decreto 2025-0050 de 20/02/2025.



CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

ANEXO I

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO DE BARRO.

- MODALIDADE

Infantil (ata 14 anos) Adulto (de 15 en diante)

- CATEGORÍA

Individual Parella (*adxunta anexo II*) Grupo (*adxunta anexo II*)

-NOME DO DISFRAZ:

-Nº DE DORSAL (*cubrir pola organización*):

- DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos: _____ DNI _____

Enderezo _____

Teléfono: _____ e-mail: _____

- SOLICITO:

Participar no concurso de Entroido que se celebrará o día 9 de marzo de 2025 no Concello de Barro.

- AUTORIZACIÓN:

Co meu asinamento, dou autorización para que:

- o/a os/as menor/es a quen represento participe/n no concurso de Entroido 2025.
- saía a miña/súa imaxe, en fotografías, vídeos, audios realizados polo Concello de Barro durante a actividade.

Todos os participantes interveñen no concurso pola súa conta e risco, ou en caso de menores de idade baixo a autorización do seu responsable legal. Cada participante farase cargo dos posibles danos que poidan ocasionar a así mesmo ou a terceiras persoas.

A sinatura deste documento supón a aceptación das bases e o cumprimento dos requisitos recollidos nelas.

Consentimento para o tratamento de datos de carácter persoal

Deber de Informar aos Interesados sobre a Protección de Datos

Información básica sobre a protección de datos

- Responsable: Concello de Barro
- Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
- Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta entidade.
- Destinatarios: Os datos poderán ser cedidos, se é o caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
- Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, segundo se explica na información adicional.



CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

- Información adicional: Pode consultar a información detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón:
<https://barro.sedelectronica.gal/privacy>

O Interesado pode autorizar ou non o tratamento sinalando cunha «x» na casa correspondente de SI (dou o consentimento) ou NON (non dou o consentimento) para as seguintes categorías de destinatarios:

SI	NO	AUTORIZACIÓN PARA COMUNICAR OS DATOS
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Participación no concurso de disfraces Entroido de Barro nos termos expostos nas condicións de participación.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Publicación de nome e apelidos en caso de ser gañador/a do concurso
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Toma de imaxes e gravación de vídeos en relación co concurso
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Publicación de imaxes e vídeos nos medios de comunicación e redes sociais propios do Responsable
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Publicación de imaxes e vídeos nos medios de comunicación e redes sociais de terceiros, alleos ó Responsable

O Interesado ou o seu representante legal consente o tratamento dos seus datos nos termos expostos:

En _____, a _____ de _____ de 2025.

Asinado:



CONCURSO DE DISFRACES

Entroido - 2025

• Así mesmo, todos os asinantes declaran:

- 1) Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Barro.
- 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir premios de administracións públicas.

Barro, _____ de _____ 2025

Asdo.: _____

Consentimento para o tratamento de datos de carácter persoal

Deber de Informar aos interesados sobre a Protección de Datos

Información básica sobre a protección de datos

- Responsable: Concello de Barro
- Finalidade: Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
- Lexitimación: Cumprimento dunha misión realizada no interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta entidade.
- Destinatarios: Os datos poderán ser cedidos, se é o caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
- Dereitos: Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, segundo se explica na información adicional.
- Información adicional: Pode consultar a información detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón:
<https://barro.sedelectronica.gal/privacy>

O Interesado pode autorizar ou non o tratamento sinalando cunha «x» na casa correspondente de SI (dou o consentimento) ou NON (non dou o consentimento) para as seguintes categorías de destinatarios:

SI	NO	AUTORIZACIÓN PARA COMUNICAR OS DATOS
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Participación no Concurso de disfraces Entroido de Barro 2025 nos termos expostos nas condicións de participación.
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Publicación de nome e apelidos en caso de ser gañador/a do concurso
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Toma de imaxes e gravación de vídeos en relación co concurso
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Publicación de imaxes e vídeos nos medios de comunicación e redes sociais propios do Responsable
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	Publicación de imaxes e vídeos nos medios de comunicación e redes sociais de terceiros, alleos ó Responsable

O Interesado ou o seu representante legal consente o tratamento dos seus datos nos termos expostos:

En _____, a _____ de _____ de 2025.

Asinado.:

